


Ao longo da súa vida, Ramón María del Valle-Inclán (1866–1936) foi construíndo unha imaxe pública de carácter singular, cunha autorrepresentación, excentricamente bohemía, con boa dose de elitismo estético e decadentismo, que é un exemplo perfecto de uso da imaxe como autoafirmación, algo que os movementos idealistas de finais do XIX e comezos do XX explotaron e que o simbolismo levou ás artes plásticas de xeito preferente.

Partindo destas coordenadas, non pode estrañar a presenza da imaxe do escritor na arte do seu tempo, tema ao que se dedica a mostra que agora presenta o Museo de Pontevedra. Alén diso, Valle-Inclán foi unha influencia sobranceira na estética das primeiras décadas do pasado século, en particular o seu influente ensaio *La lámpara maravillosa*, publicado en 1916, texto de notábel idealismo e no que desenvolve conceptos como o "quietismo estético", que máis tarde levarían ao lenzo pintores como o cordobés Julio Romero de Torres (1874–1930).

A exposición *Retratos de Valle-Inclán* recolle exemplos relevantes deste xogo de influencias, salientando, dentro das claves estéticas simbolistas un cadro como o *Retrato de Castelao* (ca. 1909, colección particular), do pintor galego Xesús Rodríguez Corredoira (1887–1939), no que o artista compostelán amosa a intensa relación que manteñen retratista e retratado desde 1907, e que continuará até finais da seguinte década. Para ambos, Valle-Inclán é un referente e un influxo na súa arte. O retrato representa o pintor e escritor rianxeiro na súa época moza, con aspecto triste, corporeidade pálida e alongada figura, termando dun debuxo que reproduce a face de Valle-Inclán, homenaxeando esta influencia literaria de raíz simbolista, completando o cadro cun fondo de paisaxe cunha fuxida a Exipto. A obra amosa outra grande referencia dos retratos, e en xeral da pintura, de Corredoira, que tamén comparte con Romero de Torres, O Greco que fascina a pintores e escritores nos anos finais do XIX e as primeiras décadas do XX, provocando o entusiasmo e deixando a súa impronta no traballo de creadores como Dario de Regoyos, Ignacio Zuloaga, Santiago Rusiñol, Miguel Utrillo ou o Picasso azul.

De certo, o propio Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886–1950) tampouco non está moi lonxe destes principios estéticos en obras destes anos, e o seu *Valle-Inclán*



(1908, Mosteiro de Poio) –exposto na mostra pontevedresa– responde tamén a este mesmo ambiente cultural.

A exposición *Retratos de Valle-Inclán* constitúe, en conxunto, unha singular escolma do retrato das primeiras décadas do século XX e entre

eles destacan os tres retratos que do escritor realiza o pintor vasco Juan Echevarría (1875–1931), un de 1919 e dous de 1922. Echevarría foi un dos introdutores da modernidade estética no ambiente artístico vasco, sendo un firme defensor da arte moderna. Pa-



Castelao, visto por X. Corredoira (ca.1909). / FOTO: Eli Regueira

Retratos de Valle-Inclán

Unha mostra no Museo de Pontevedra

CARLOS L. BERNÁRDEZ

ra moitos foi o grande retratista da xeración do 98, realizando entre 1917 e 1930 unha serie de cadros que constituían unha verdadeira galería iconográfica, retratando, alén de Valle-Inclán, a Unamuno, Baroja, Azorín, Maeztu ou Juan Ramón Jiménez. No escritor gale-

go, o pintor procura unha captación da psicoloxía do retratado e na linguaxe plástica insinúa ecos fauves que transmiten unha contida modernidade.

Pero un dos retratos máis coñecidos de Valle-Inclán –que se pode contemplar ago-

ra en Pontevedra– é o que realiza Ignacio Zuloaga (1870–1945) en 1931. Pintor que se asocia ás experiencias vitais, sentimentos e ideas estéticas dos escritores da xeración do 98, nesta altura o artista vasco posuía unha longa traxectoria artística e, en concreto, como retratista. O retrato de Zuloaga concentra toda a forza da figura do escritor na cabeza, amosando o seu corpo feble en contraste coa enerxía que deita a personalidade do dramaturgo.

Con seren ben representativos, estes retratos non son os únicos do escritor, que tamén foi captado polo escultor Victorio Macho (1887–1966) –un debuxo e unha escaiola– e polos pintores Anselmo Miguel Nieto –tres óleos– (1881–1964) e Gregorio Prieto (1897–1992).

Entre todos, cómpre salientar o óleo que realiza Daniel Vázquez Díaz (1882–1969) Zuloaga, Unamuno e Valle-Inclán (1929), un excepcional retrato de grupo dun dos mellores representantes da modernización do xénero, dentro dunha linguaxe de ecos postcubistas e unha atmosfera neofigurativa ben característica da arte de finais dos anos vinte.

Título: Retratos de Valle-Inclán Comisariado: Xosé Carlos Valle Pérez

Local: Sala de Exposicións Temporais, Museo de Pontevedra



Vista xeral da exposición no Museo de Pontevedra. / FOTO: Eli Regueira

Desde logo, un capítulo á parte merece o conxunto dos debuxos nos que se recolle a efixie de Valle-Inclán no seu leito de

morte; trátase de testemuños notorios do suceso singular que representou o pasamento do grande escritor na cidade de Santiago de Compostela, en 1936, un feito que é recollido en debuxos levados a cabo por artistas

Testemuños do pasamento

como Carlos Maside (1897–1958) e Castelao e aínda nos do médico e ensaísta Domingo García-Sabell. O pintor Carlos Maside, da súa parte, xa retratara a Valle en vida, ao igual que fixera Castelao, evidenciando

ambos os autores a admiración que no contexto cultural galego se tiña pola obra e a personalidade de Valle, unha estima certa que tiña orixe xa dos primeiros anos do século XX e que xa víramos patente en obras simbolistas da man de Corredoira, José María Joaquín Louzao ou tamén do propio Castelao.